



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Expediente convocatoria: 2022000010635

Expediente relacionados: 2022000021193 e 2022000029136

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DECLARAN AS DESISTENCIAS DE XOSÉ XERARDO PEREIRO PÉREZ E MARÍA ESTÍBALIZ ESPINOSA RÍO DAS RESIDENCIAS MARIÑÁN DE LITERATURA E PENSAMENTO DO ANO 2022 E SE ADXUDICA UNHA RESIDENCIA Á SUPLENTE MARÍA MARCO COVELO

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO** , Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto o informe do servizo de Acción Social, Cultural e Deportes no que quedan acreditados os seguintes:

ANTECEDENTES

Por resolución número 29184 do 22 de xullo 2022 aprobouse a concesión das Residencias Mariñán de literatura e pensamento do ano 2022.

Consta no expediente 2022000021193 a desistencia de Xosé Xerardo Pereiro Pérez á residencia concedida para o mes de decembro, e no expediente n.º 2022000029190 consta a desistencia da primeira suplente María Estíbaliz Espinosa Río. Así mesmo, no expediente 2022000029136 consta a aceptación da residencia da segunda suplente María Marco Covelo.

RESOLVO:

- 1.-** Declarar a desistencia de Xosé Xerardo Pereiro Pérez da residencia Mariñán de literatura e pensamento do ano 2022.
- 2.-** Declarar a desistencia de María Estíbaliz Espinosa Río da residencia Mariñán de literatura e pensamento do ano 2022.
- 3.-** Conceder a María Marco Covelo unha residencia Mariñán de literatura e pensamento para o mes de decembro de 2022.
- 4.-** Publicar a presente resolución de concesión na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, e de conformidade co establecido no art. 46.4 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.